

Xogos de guerra

O exército español ataca Darbo sen previo aviso

Xerardo Dasairas


A pesar do alarmante titular, este asunto tén unha certa semellanza cos chistes de Gila que sempre chamaba por teléfono ao inimigo... Pero este caso foi verídico e ocorreu o día primeiro de agosto de 1905 cando a única batería de costa existente na ría disparou os seus canóns e case causa unha desgracia na nosa parroquia. Que non foi premeditado é certo, que non houbo danos maiores tamén, pero que o ollo e os cálculos matemáticos (os renales tampouco debían andar moi alá) dos artilleiros deixaban moito que desexar, resulta evidente.

Como gustamos de contextualizar as cousas por nimias que sexan, aproveitamos este episodio para estendernos no asunto este da poliorcética que dirían os militares e así facer que nos cunda un pouco o artigo. E como os disparos procedían de Vigo temos que remontarnos ao outro



Un canón como o da batería de Alcabre


lado da ría dez anos antes, ao 26 de xuño de 1895 cando a raíña rexente, en nome de Afonso XIII autoriza a que a obsoleta batería da Laxe fose cedida ao Concello de Vigo mandando “a todos los tribunales, justicias, jefes, gobernadores y demás autoridades, así civiles como militares y eclesiásticas, de cualquier clase y dignidad, que guarden y hagan guardar, cumplir y ejecutar la presente ley en todas sus partes”. Esta cesión tería os seus custes pero permitiu que Vigo abrise logo un vial novo que comunicaba co Berbés e ampliase a zona portuaria con novos peiraos. Ata aquí todo ben, pero coa perda das colonias de ultramar (Filipinas, Porto Rico e Cuba) a mans dos ianquis e a declaración de guerra con eles,



comezou a temerse que estes invadisen España por Galicia que lles quedaba máis cerca. Entón, como Vigo quedara sen batería, apurouse a construción de dúas novas e con canóns un pouco máis modernos, situando unha en Balea (O Forte) e outra na Punta do Muiño (de vento) en Alcabre que cruzando os seus tiros defenderían a ría neste punto. Ao ver que os do Tio Sam (hoxe tio Trump)

non aparecían nin por asomo, suspendéronse as obras de Balea, retirándose os do reximento Murcia para Vigo sen esquecerse dos vixías que desde o monte da Garita (ao lado do Castelo) esculcaban o proceloso Atlántico axexando as grosas columnas de fume dos acoirazados inimigos se é que aparecían de día, porque de noite sería difícil velas.

Contodo, decidiron rematar a batería da Punta do Muiño instalando tres canóns de retrocarga modelo CHE Ordóñez 1885 de 15 cm. que na nomenclatura artilleira posterior serían 150 mm.




Canón CHE Ordóñez 15 cm.

Aclarado isto, cómpre concretar tamén que retrocarga quere dicir que estes modernos canóns xa se cargaban por atrás e que CHE non tén nada que ver co personaxe revolucionario que coñecemos, senón que simplemente quere dicir Cañón de Hierro e que o tal Ordóñez era o apelido do enxeñeiro inventor. Como non cabe menospreciar a magnitude deste ataque a Darbo, que quedara sen a batería do Forte, que senón xa verían..., temos que dicir que os canóns que dispararon aquel día 1 de agosto de hai 113 anos, fixérono para probar que desde alí, estes novos artefactos eran capaces de protexer eles sós esta entrada da ria e que se se puñan tercos, tamén a de Pontevedra pois a 23 graos de elevación podían alcanzar dez quilómetros.

O canoneo de Darbo comezaría ás tres da tarde e iso si, previamente tiñan advertido ás autoridades de Mariña que cortasen o tránsito marítimo nesta hora e lugar pero non avisaron de nadiña aos de Darbo para que ao menos... cavasen trincheiras. Debía de ser de moita importancia este zafarrancho artilleiro pois na batería congregouse tal número de cúpula militar que semella case imposible que se producise tamaña vergoñenta tropelía. Alí estaban o gobernador militar da provincia co seu axudante, o xefe de estado maior, o coronel e o capitán axudante do reximento Murcia de Vigo, o tenente coronel de Enxeñeiros , o comandante de Arti-

llería e moitos outros capitáns, tenentes e xefes que asistiron, non sabemos se estupefactos ou ledos... ao bombardeo de Darbo! Dicimos isto porque aínda que abraiados polos “danos colaterais” da manobra en cuestión, acabaron concluíndo que, contodo, a precisión das pezas era extraordinaria pois foron todas a caer cáseque no mesmo punto: As Barreiras e O Cunchido. Non entendemos esta alegría castrensse pois se cada canón disparou catro obuses e en Darbo caeron nove, a onde foron parar os tres que faltan?

Por sorte, naquela hora aciaga non se produciron vítimas persoais e os veciños só constataron que un dos proxectís entrara pola porta dun cortello indo frear de milagre mesmo fronte do muro dunha casa. Pero o canguelo e o medo que colleron tardaron en tiralo do corpo pola incertidume



Cangas desde a Punta do Muiño, actual Museo do Mar

dun ataque inimigo e o que é peor, por se chegaban novas andanadas.

Pola forma de se comportaren os obuses, cabe deducir que ao ser de proba non levaban carga explosiva pero descoñecemos se se fixo algunha inspección e reparación de danos, aínda que coñecendo o exército daquela época, desbotamos calquera intención de desculpa e menos de protesta ou reclamación dos veciños. Iso si, este acontecemento atraería a numeroso público de Cangas, Darbo e a contorna que querían matar tamén... a súa curiosidade. Compriría indagar ademáis se os veciños devolveron as balas como sempre suxería Gila pois de non ser así, e a pesar dos moitos anos trascorridos, cabe andar con moito tento e aproveitamos para apercibir aos veciños por se aínda aparecen hoxe, a pesar de que cada vez se sacha menos...

Esta perigosa batería, ao menos para Darbo e os de enfrente, tería o seu final ao ser subastadas as súas instalacións o 5 de xullo de 1963 que tamén comprendían a praia dos Olmos onde se consumaron moitos asasinatos do franquismo. Neste lugar ergueríase anos máis tarde o que hoxe é o Museo do Mar de Vigo.

Características dos canóns (por se a alguén lle interesa)

Non eran os Canóns de Navarone pero cada unha destas pezas constaba de tres tubos: un interior de aceiro fundido que chega aproximadamente asa a metade da súa lonxitude; outro máis curto, tamén de aceiro fundido e finalmente, o tubo exterior que era de fundición. A forma exterior deste tubo, que é o que propiamente constitúe o canón, componse de dúas partes cilíndricas que comprenden toda a que corresponde ao aloxamento do cerre e a recámara.

Os proxectís que cargaba esta peza podían ser a granada ordinaria, que era de fundición cunha banda de cobre e peso de 42 kilogramos con carga explosiva de 2.6 kg e a bala granada para tirar contra blindaxes que era de aceiro con oxiva rematada en punta con carga explosiva de 0.3 kg e un peso de 50 kilogramos.

A lonxitude total destas pezas era de 4.5 m. e o seu peso 5,537 kg. aínda que o peso total do canón incluíndo a cureña, o basacarril e o marco era de case doce toneladas. A carga de proxección era de 16.5 kg de pólvora prismática dunna canle e a velocidade inicial, 550 m. coa granada ordinaria e 520 m. coa bala granada. Cargando o primeiro proxectil citado e dándolle 23º graos de elevación máxima podía alcance os dez quilómetros e co proxectil de aceiro podíase atravesar a 2.000 metros unha plancha de ferro forxado de 20 cm. de grosor como as das blindaxes dos barcos de guerra da época.

